

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONCELLO DE NOIA PARA A REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Sol M^a Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio e Consumo , **DECLARA:**

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar co concello de Noia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 30 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización e financiamento da “Rehabilitación da praza de abastos”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

“ O Plan Estratéxico de Impulso ao Comercio de Galicia 2015-2020 ten entre os seus obxectivos a modernización do comercio galego prestando especial atención á imaxe, a presentación do produto e a prestación de servizos complementarios ao cliente, por isto se inclúen medidas como a mellora da imaxe e o equipamento dos mercados e prazas de abastos galegos así como a creación dunha rede de mercados excelentes.

Na consecución deste obxectivo o Plan de Mercados Excelentes de Galicia 2016–2020 constitúe un instrumento que pretende destacar o potencial dos nosos mercados e prazas de abastos como eixos e motores do comercio de proximidade, adaptándoos ás novas tendencias do mercado. A súa finalidade fundamental é aproveitar a súa situación estratéxica e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos ao entorno no que se integran, ao produto local e a valores como a sostibilidade, a protección do medio ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade”.

É preciso, polo tanto, acondicionar estes espazos ás necesidades actuais, tanto dos comerciantes como dos consumidores para potenciar o desenvolvemento desta fórmula de distribución comercial, e que se enmarca nos obxectivos, no eido competencial da consellería. Con tal finalidade, a Consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego, neste caso, por medio da iniciativa promovida polo Concello de Noia para a rehabilitación da praza de abastos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei de Contratos do Sector público, 9/2017, de 8 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Comercio e Consumo,

Sol Maria Vázquez Abeal

